




Normas:

- Le detidamente.
- Pensa en todo o que vimos. Podes ter o libro diante.
- Escribe con **MAIÚSCULAS** e con acentos.



EMPEZA POR A	Acción e efecto de atraer ou de ser	
EMPEZA POR B	Luz, propia ou reflectida, que despiden un corpo.	
EMPEZA POR C	Substancia negra, sólida e combustible, constituída por vexetais fósiles ou que resulta de queimar madeira de modo incompleto.	
EMPEZA POR D	Relación que existe entre a masa e o volume, dun corpo tomando como referencia o aire para os gases e a auga para os líquidos e os sólidos.	
EMPEZA POR E	Calidade de elástico.	
EMPEZA POR F	Que se pode curvar e dobrar sen que rompa.	
EMPEZA POR G	Estado da materia semellante ao aire no que as moléculas que a compoñen teñen moi pouca cohesión entre si de xeito que pode estenderse de modo indefinido a unha temperatura ordinaria e tamén pode comprimirse.	
EMPEZA POR H	Mestura que está formado por elementos da mesma natureza ou moi semellantes	
EMPEZA POR I	Alimento que consiste nunha variedade de leite callado sometido á acción dun fermento especial.	
EMPEZA POR K	Unidade fundamental de medida da masa	
EMPEZA POR L	Unidade fundamental de medida do volume	
EMPEZA POR M	Substancia que ocupa un espazo, que ten masa e peso e que é do que están constituídos os corpos	
CONTÉN O N	Tipo de enerxía que produce sons.	
CONTÉN O Ñ	Aspecto dun corpo no espazo segundo o cal dicimos que é máis ou menos grande, que ten máis ou menos volume, en función das súas dimensións.	
EMPEZA POR O	Combinación dun elemento con osíxeno para dar lugar a un óxido.	
EMPEZA POR P	Aceite mineral natural de cor parda moi escura e olor forte formado principalmente por unha mestura de hidrocarburos.	
EMPEZA POR Q	Tipo de enerxía que se produce cando se oxida o ferro.	
EMPEZA POR R	Tipo de mineral que se utiliza nas centrais nucleares.	
EMPEZA POR S	Calquera elemento ou conxunto de elementos líquidos, sólidos ou gasosos de que están formados os corpos.	
EMPEZA POR T	Tipo de enerxía que produce calor.	
CONTÉN O A	Líquido do que están compostos os mares, lagos e ríos, incoloro en pequenas cantidades, inodoro e insípido.	
EMPEZA POR V	Espazo ocupado por un corpo nas tres dimensións.	
EMPEZA POR W	Tecnoloxía de conexión sen cabos entre dispositivos por medio de ondas de radio de alta frecuencia.	
CONTÉN O X	Capacidade que ten un corpo de producir un cambio.	
CONTÉN O Z	Instrumento destinado a pesar obxectos que consta de dous brazos iguais, que deben quedar en equilibrio ao colocar nun o obxecto que se pesa e no outro pesos de determinado valor.	

